


PROTOCOLO DE ATENCIÓN
ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE
NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO
NO ÁMBITO DO PARQUE NACIONAL
MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA




Mar das Illas



**PROTOCOLO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE
NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DO
PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS
ATLÁNTICAS DE GALICIA.**

Este “PROTOCOLO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA” elabórase enmarcado dentro do proxecto “MAR DAS ILLAS III, Apoio ao Desenvolvemento de Iniciativas Turísticas dende o Sector Pesqueiro” promovido polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro das Rías Baixas (GALP Ría de Pontevedra, GALP Ría de Vigo-A Guarda e GALP Ría de Arousa), actuando como socios colaboradores o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e a Asociación Mar Seguro de Galicia.

Na elaboración do presente protocolo colaboraron as seguintes entidades que traballan con persoas con discapacidade:

- **Ambar**
- **Amencer-Aspace**
- **Amicos**
- **Amizade**
- **Avelaíña**
- **BATA-Baion Asociación Tratamiento Autismo**
- **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**
- **Down Pontevedra-“Xuntos”**
- **Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA)**
- **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)**
- **Organización Nacional de Cegos (ONCE)**

ÍNDICE DE CONTIDOS

1.- INTRODUCCIÓN: TURISMO MARIÑEIRO INCLUSIVO

2.- DEFINICIÓN DE DISCAPACIDADE

2.1.- A linguaxe no tratamento da discapacidade, que terminoloxía debemos empregar?

2.2.- A diversidade das persoas con discapacidade

- a) Discapacidade física ou motora
- b) Discapacidade sensorial auditiva
- c) Discapacidade sensorial visual
- d) Discapacidade intelectual
- e) Trastorno mental

3.- RECOMENDACIÓNS PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

3.1.- Xeneralidades sobre a atención ás persoas con discapacidade.

3.2.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade física ou motora.

3.3.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade auditiva.

3.4.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade visual

3.5.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade intelectual

3.6.- Particularidades sobre a atención ás persoas con trastorno mental.

4.- RECOMENDACIÓNS NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO E PESCA-TURISMO.

4.1.- Recomendacións nas rutas a pé.

4.2.- Recomendacións nas rutas en barco

5.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

1.- INTRODUCCIÓN: TURISMO MARIÑEIRO INCLUSIVO.

A interpretación do patrimonio é unha ferramenta que permite comunicar de xeito efectivo os significados e valores do noso legado cultura, histórico e natural. Durante este proceso de comunicación búscase crear pontes emocionais e intelectuais entre os recursos interpretados e os visitantes, para que estes cheguen a comprender e apreciar realmente o que se lles está mostrando e iso lles leve a ter un comportamento máis respectuoso con ese patrimonio.


Para poder realizar unha correcta interpretación do patrimonio as persoas que traballen como guías non só deben coñecer os recursos senón tamén ao público que os visita, adaptando o seu guión en función do perfil de cada grupo, así por exemplo será diferente interpretar para un grupo de adultos que para nenos/as. Ademais da idade, a presenza de persoas con discapacidade é outro dos factores a ter en conta a hora de deseñar un guión interpretativo, adaptándoo en función do tipo de discapacidade (motora, auditiva, visual ou psíquica).

Neste documento aportamos unha serie de recomendacións para atender adecuadamente ás persoas con discapacidade, aínda que moitas destas recomendacións tamén servirán para mellorar as experiencias de tódalas persoas que acudan ás actividades de turismo mariñeiro. Polo tanto este protocolo permitirá avanzar cara a un deseño universal e a inclusión das persoas con discapacidades nas actividades de turismo mariñeiro que se desenvolvan no ámbito do PNMTIAG.

2.- DEFINICIÓN DE DISCAPACIDADE.

De acordo coa Organización Mundial da Saúde (OMS), a discapacidade non é só unha condición da persoa, senón o resultado da interacción entre a persoa (cunha condición determinada) e o seu entorno físico e social (factores contextuais).

Polo tanto a discapacidade xurde pola falta de adecuación entre a persoa e o seu entorno. Un entorno ben adaptado pode levar a que unha persoa con algún tipo limitación non teña discapacidade.



Coas recomendacións recollidas neste documento preténdese contribuír a eliminar ou modificar as condicións do entorno que durante unha actividade de turismo mariñeiro poidan ocasionar situacións de discapacidade ás persoas asistentes.

2.1.- A linguaxe no tratamento da discapacidade, que terminoloxía debemos empregar?

A linguaxe empregada debe ser tal que non estigmatice nin menosprece, polo que é necesario erradicar termos xa caducos cargados de connotacións negativas como minusvalía, minusválido, inválido, retrasado ou incapaz, pero debe describir a súa realidade. O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), recomenda o uso da expresión “persoa ou persoas con discapacidade” para referirse a este sector da cidadanía (nin “discapacitados” nin “persoas discapacitadas”), e “discapacidade” para referirse á súa realidade persoal e social. Ademais estes termos son os únicos admitidos como válidos pola Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (CDPD).

Nos últimos anos xurdiu o termo “persoas con diversidade funcional” para referirse a este colectivo, tratando de eliminar a palabra discapacidade, xa que supón unha falta de capacidade e inflúe de xeito negativo no pensamento. Este termo é empregado incluso por algunhas das persoas que integran o colectivo. Sen embargo, o CERMI desaconsella o seu uso argumentando que “non describe a realidade, resulta confuso e incluso en ocasións pretende ocultar esa realidade atacando o enfoque inclusivo e de defensa dos dereitos”.

En calquera caso e independentemente de que se empregue o termo “discapacidade” ou “diversidade funcional” sempre debe ir precedido de “persoas con...”, porque ante todo son persoas.

2.2.- A diversidade das persoas con discapacidade

As persoas con discapacidade constitúen un colectivo moi heteroxéneo no que non hai dúas persoas iguais. Existe diferentes tipos e graos de discapacidade, polo que non todas as persoas presentan as mesmas características nin teñen as mesmas necesidades. Por este motivo, neste protocolo establécense unha serie de recomendacións en función do tipo de discapacidade:

- Discapacidade física ou motora
- Discapacidade sensorial auditiva
- Discapacidade sensorial visual
- Discapacidade intelectual
- Trastorno mental

a) Discapacidade física ou motora

As persoas con discapacidade física ou motora son aquelas que debido ás limitacións de mobilidade que presentan e ás barreiras coas que se atopan no seu entorno, non poden ter unha participación plena e efectiva na sociedade en igualdade de condicións que os demais.

Cando se fala deste tipo de discapacidade o normal é pensar nas persoas que se desprazan en cadeiras de rodas, pero as limitacións na mobilidade poden afectar a diferentes partes do corpo, non só ás pernas, e ter diferentes graos. Así por exemplo dentro deste grupo tamén se inclúen persoas con destreza manual reducida pero que son capaces de desprazarse de xeito autónomo.

As persoas con discapacidade física soen presentar problemas relacionados coa accesibilidade aos espazos, imposibilidade de executar determinados percorridos, actividades ou manipulación de obxectos, e lentitude nos movementos e/ou desprazamentos. Moitas vece desprázanse axudados por sistemas de apoio como bastóns, muletas, andadores, próteses, etc.

b) Discapacidade sensorial auditiva

As persoas con este tipo de discapacidade presentan un déficit total ou parcial da percepción auditiva, o que afectará á súa capacidade de comunicación.

Dado que a audición é a vía principal a través da que se desenrola a linguaxe e a fala, calquera trastorno na percepción auditiva a idades temperás tamén afectará ao seu desenvolvemento lingüístico. Polo tanto é normal que a discapacidade auditiva apareza asociada a problemas da fala e á comprensión da información recibida pola vía oral-auditiva e incluso a escrita.

Son persoas que se moven coa vista no mundo, comunicándose por medio da lingua de signos, e nalgúns casos apoiándose noutros recursos comunicativos, como a lectura labial.

As principais necesidades maniféstanse no acceso á información sonora (conversas, charlas, clases etc.) polo que se requiren outras canles como a visual que, xunto co emprego de axudas técnicas como as próteses auditivas ou a colaboración de intérpretes de lingua de signos, facilitan o acceso deste colectivo á información.

c) Discapacidade sensorial visual

É unha discapacidade producida por ausencia total ou parcial da visión. Como no resto de discapacidades tamén existen distintos graos. Normalmente este tipo de discapacidade leva aparelhada dificultades na mobilidade e na orientación.

Para acceder á información empregan outras canles distintas da visual, como a táctil ou a acústica. No caso de que conserven algo de visión poden facer uso de axudas técnicas como as lupas para acceder á información.

Para mellorar a súa autonomía á hora de moverse e orientarse fan uso de distintos recursos como cans guía, bastóns ou voluntarios de apoio.

O seu sistema de lectura é o braille.

d) Discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Caracterízase por limitacións significativas no funcionamento intelectual e en funcións relevantes na vida cotiá como a linguaxe, a mobilidade, o aprendizaxe, o auto-coidado, as relacións sociais e a vida independente. Esta discapacidade debe orixinarse antes dos 18 anos e acompaña á persoa durante toda a vida. A heteroxeneidade das persoas con discapacidade intelectual é moi grande. Atendendo ao coeficiente intelectual se fala de diferentes graos: leve, moderada, grave e profunda. Ademais neste grupo inclúense diferentes síndromes como o de Down, trastornos do desenvolvemento como o Trastorno do Espectro Autista (TEA), parálise cerebral (que non sempre vai acompañada de discapacidade intelectual) e outras situacións estreitamente relacionadas coa discapacidade intelectual.

e) O trastorno mental

É unha alteración de tipo emocional, cognitivo e/ou do comportamento que afecta a procesos básicos como as emocións, a motivación, a cognición, a conciencia, a conduta, a percepción, a sensación, o aprendizaxe, a linguaxe, etc. , o que dificulta a adaptación da persoa ao seu entorno cultural e social. Aquí se inclúen a esquizofrenia, o trastorno bipolar, as psicoses, os trastornos de personalidade, a depresión, etc.

Calquera persoa pode padecer un trastorno mental nalgún momento da súa vida.

3.- RECOMENDACIÓNS PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Para que a nosa visita guiada sexa un éxito deberemos adaptala ás características de cada grupo de visitantes. Para iso é fundamental contactar coa persoa coordinadora ou responsable do grupo e solicitarlle toda a información que sexa relevante para a adaptación da nosa ruta guiada ao grupo, como pode ser: o tipo ou tipos de discapacidades que presentan, grao, necesidades, etc.

Tamén debemos ser flexibles a hora de executar o noso guiión interpretativo, axustándoo sobre a marcha en función da receptividade do grupo.

3.1.- Xeneralidades sobre a atención ás persoas con discapacidade.

- **Velar por que se cumpran as condicións axeitadas durante toda a visita** para que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha experiencia plenamente satisfactoria.
- **Axustaremos os tempos da visita ao seu ritmo de asimilación da información e á súa mobilidade.**
- **Tratalas con naturalidade** sen protexelas demasiado nin, no extremo oposto, ignoralas.
- **Falarlles sempre directamente** non aos/ás acompañantes.
- **Non ter medo en pedirllas que nos repitan algo.**
- **Coidar a linguaxe empregada para referirnos á súa situación.**
- **Limitaremos a nosa axuda ao necesario, respectando a súa autonomía, e en todo caso preguntarémolles se precisan axuda e de que tipo.**
- **A incorporación de elementos interpretativos (láminas con debuxos, láminas en baixo relevo ou braille, obxectos, etc.) axuda na comunicación.**
- **O uso de recursos tecnolóxicos (TIC)** nas nosas actividades de turismo mariñeiro tamén poden axudar á mellorar a comunicación coas persoas.

3.2.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade física ou motora.

- **Facilitarlle o acceso físico aos espazos** (aseos, rutas, embarcacións, etc.) eliminando as barreiras arquitectónicas ou deseñando rutas adecuadas sen esas barreiras. Teremos en conta as posibles limitacións no caso de saídas no referente aos desprazamentos, manipulación de obxectos e accesibilidade aos lugares que se van visitar.
- **Reservaremos a primeira liña de visión para eles.**

- **Manexo da cadeira de rodas:** sempre se fará co consentimento previo da persoa e deixarémonos guiar polas súas indicación. En todo caso o manexo debe ser suave e sen movementos bruscos.
- **Levantar a unha persoa da cadeira de rodas:** sempre se fará co seu consentimento previo, e deixarémonos guiar polas súas indicacións, en todo caso teremos que facelo con seguridade, sen movementos bruscos e avisándolles previamente dos movementos que imos facer. De todas formas trátase dunha manobra arriscada, especialmente cando se fai nun barco ou nun porto. Este tipo de manobras é mellor facelas coa axuda de grúas adaptadas.

3.3.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade auditiva.

- Para atender ás persoas con discapacidade auditiva que empregan a lingua de signos como sistema de comunicación, deberemos coñecer a lingua de signos ou ir acompañados dun intérprete de lingua de signos. Hai que ter en conta que cada país ten a súa propia lingua de signos.
- Incorporar a lingua de signos a tódolos medios de comunicación que empreguemos para difundir a nosa actividade: redes sociais, páxina web, etc.
- Non tódalas persoas xordas empregan a lingua de signos, algunhas empregan como sistema de comunicación a lingua oral, pois presentan restos auditivos e son usuarias de próteses auditivas ou sistemas de amplificación do son. Nestes casos as consideracións que debemos ter á hora de comunicarnos con elas son:
 - Afastalos de posibles fontes de ruído.
 - Ter en conta a acústica dos espazos.
 - Ter en conta a posibilidade de realizar adaptacións técnicas nos espazos (por exemplo nos barcos), como a instalación de equipos de bucle magnético que permiten amplificar o son do ambiente e transmitilo aos audífonos dos visitantes.

- **Modos de chamar a súa atención** cando non teñen contacto visual. Se están cerca podemos **darlle uns toques suaves no ombro** (nunca na cabeza), tamén podemos **golpear o chan cos pés** para que ao notaren as vibracións nos miren. Se estamos lonxe podemos **axitar os brazos no aire** ata captar a súa atención ou **avisar a alguén para que lle toque** e lle indique que mire cara nós.
- **Ter contacto visual.** Estas persoas apóianse moito na linguaxe corporal e facial, e incluso poden ler os beizos, polo que é moi importante que en todo momento poidan ter contacto visual con nós.
 - **É fundamental establecer contacto visual** antes de comezar a comunicación.
 - **Situarémolas en semicírculo diante nosa.** Así tamén poden ver a cara do resto dos compañeiros e compañeiras.
 - **Reservarémolles os postos máis próximos a nós** para que nos vexan ben.
 - **Tentaremos non situarnos de costas ao sol** para non dificultar a visión.
 - **Falarémolles sempre de fronte.**
 - **Falaremos no ton habitual, sen berrar.**
 - **Vocalizaremos claramente.** A lectura labial ten moitas limitacións, polo que se desaconsella ter caramelos ou gomas de mascar na boca.
 - **Falaremos a unha velocidade moderada.**
 - **Empregaremos frases breves e concisas.**
- **Proporcionar un guión por escrito ao inicio da visita** que resuma de xeito sinxelo o que imos dicir, pode facilitar a comprensión das explicacións durante a ruta.
- **Empregar moitos recursos visuais:** todos os recursos visuais que poidamos incorporar á comunicación serán de gran axuda para facilitar a comprensión da mensaxe. Tentaremos mostrarlles obxectos tanxibles, como os aparellos de pesca e marisqueo, exemplificaremos todo o posible representando o modo de emprego dos diferentes aparellos, faremos uso doutros elementos interpretativos como pictogramas, debuxos, fotografías, etc. para acompañar o noso relato e amosar o que queremos dicir.

- **Alternar a explicación e a demostración, non as dúas ao mesmo tempo:** as persoas xordas reciben a información ao través do sentido da vista, non do oído, polo que non poden ver ao mesmo tempo o que lles estamos dicindo e o obxecto ao que nos referimos. Polo tanto debemos facer primeiro a explicación e despois a demostración, non as dúas cousas ao mesmo tempo, ou ben darlles tempo suficiente para mirarnos e atender á nosa explicación, ver o obxecto ao cal nos referimos e volver a mirarnos cando retomemos a explicación.

3.4.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade visual

- **Presentarémonos sempre antes de dirixirnos a elas.**
- **Non debemos deixalos sós sen avisarlles.**
- **Falaremos sen berrar**, xa que a súa discapacidade é visual, non auditiva.
- **Podemos usar con naturalidade palabras como “ver” ou “mirar”**, xa que elas tamén as usan.
- **Debemos empregar palabras guía como “esquerda” “dereita” “detrás” “diante” “ao noso carón” “a tantos metros”** en lugar de palabras como “aquí”, “iso” ou “alí”, que non lle serán de moita utilidade.
- **Substituiremos as exclamacións como “coidado!” por outras máis informativas como “para!” ou “espera!”**
- **No caso de termos que acompañalas e guialas**, preguntaremos sempre se queren a nosa axuda. En caso afirmativo situarémonos ao seu lado e camiñaremos lixeiramente por diante deixando que sexan elas as que nos suxeiten. Cando camiñamos por diante deles, cos nosos desprazamentos xa lles estamos dando información dos obstáculos, cousa que non faremos se os guiamos dende o lateral ou dende atrás.
- **Anunciarémoslles sempre o primeiro e o último chanzo dunha escaleira.**

- Reservarémolles os postos máis próximos a nós para que poidan escoitarnos mellor.
- As rutas deben ser moi descritivas, contándolles todo o que teñen ao seu redor.
- Potenciar o uso de outros sentidos como o tacto, o oído ou o olfacto, invitándolles a que toquen diferentes obxectos de uso cotiá nas actividades de pesca e marisqueo, para que aprecien a súa forma, o seu peso, os materiais dos que están feitos. Así por exemplo podemos invitalos a que toquen a area da praia, a auga do mar, as algas, as ameixas e berberechos e que deste xeito poidan apreciar as diferentes texturas e formas, o son das ondas, das gaivotas, os diferentes cheiros do mar, etc.

3.5.- Particularidades sobre a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

- Debemos tratalos conforme á súa idade, pero adaptándonos á súa capacidade.
- É probable que se produzan múltiples interrupcións ao longo da visita. Se estas se deben a preguntas ou dúbidas relacionadas coa temática da visita é apropiado solucionarlas para mellorar a comprensión do que estamos explicando; no caso de que sexan interrupcións para contar anécdotas, podemos escoitar a primeira, pero despois debemos aclarar que as anécdotas é mellor deixalas para o final da visita; no caso de que as interrupcións se deban a unha falta de atención, o guía debe ter recursos suficientes para volver a captar a atención do público, como por exemplo, amosar algún obxecto agochado para que o vexan e o toquen, ou convidándoos á participación con preguntas.
- A nosa visita guiada debe ser fácil de entender. Para iso:
 - Deseñaremos as visitas cunha estrutura sinxela reducindo a información a transmitir. As persoas con discapacidade intelectual adoitan desorientarse coa complexidade da información. Nestes casos debemos prestar especial atención en aplicar o modelo TORA (que a información sexa Temática, Organizada, Relevante e Amena) na preparación das nosas visitas guiadas.

- Falaremos a unha velocidade moderada e empregando unha linguaxe sinxela, con frase breves e concisas. No caso contrario, coas frases moi longas, é probable que perdan a atención ou que tan só recorden a última información aportada.
- Evitaremos o uso de frases con dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías.
- Recoméndase o uso doutros recursos informativos cuxa asimilación resulte sinxela como xestos, debuxos, fotografías, iconas, pictogramas, etc.
- Os pictogramas (debuxos que representan un obxecto ou unha acción) facilitan a comunicación coas persoas que non entenden a linguaxe. Por exemplo, o uso de pictogramas axuda moito na comunicación con persoas con TEA.
- Potenciaremos o uso doutros sentidos como o tacto ou o oído, animándoos a que toquen a area, a auga do mar, as cunchas, as algas, que escoiten as ondas do mar, o son das diferentes aves mariñas, etc.
- Simplificaremos o número de elementos que aparecen en carteis e outros materias informativos/divulgativos.
- Os textos deben ser claros e fáciles de comprender. Estes poden estar adaptados a lectura fácil, a cal ten as súas propias normas, como por exemplo empregar un tamaño de letra grande e con dobre espazo entre liñas, verbos en voz activa, evitas palabras e frases escritas con maiúsculas, etc. (para máis información ver as pautas de redacción da Federación Internacional de Asociaciones e Instituciones Bibliotecarias, IFLA). Para poder levar o selo europeo de lectura fácil, os textos deben estar validados por persoas con discapacidade intelectual.

- As persoas con síndrome de Down teñen mellor percepción e discriminación visual que auditiva, polo que aproveitaremos esta vía como punto forte de asimilación da información.
- Estaremos pendentes da comunicación non verbal.
- Evitaremos o emprego de tons de voz que poidan confundir.
- É importante situalos cerca de nós para que nos poidan ver e escoitar con facilidade mellorando así a súa atención.
- É recomendable chamalos polo seu nome para captar a súa atención.
- Debemos manter o contacto visual cando lles falemos e asegurarnos de que eles tamén nos miren.
- Debemos darlle tempo para que respondan ás nosas preguntas.
- No caso das persoas con TEA é moi importante que antes de comezar a ruta nos presentemos e lles expliquemos que imos facer, é dicir, previlos do que vai acontecer ao longo da ruta, que lugares visitaremos, en que orde, quen estará (outros mariscadores no caso das rutas por terra, ou a tripulación no caso de rutas en barco) e canto durará a visita. Os ambientes moi estruturados e predicibles axudaran na comunicación e execución da visita.

3.6.- Particularidades sobre a atención ás persoas con trastorno mental.

- Debemos manter unha comunicación clara, sen ironías nin dobres sentidos para evitar confusións.
- Estaremos pendentes da comunicación non verbal.
- Evitaremos o emprego de tons de voz que poidan confundir.
- Evitar situacións que poidan xerar estrés.
- Respecta os seus silencios e o seu espazo vital.

- As persoas con enfermidade mental, ao igual que as persoas con TEA, precisan de ambientes moi estruturados e predicibles por iso é moi importante que antes de comezar nos presentemos e lles expliquemos moi ben que imos **facer**, é dicir, previlos do que vai acontecer ao longo da ruta, que lugares visitarán, en que orde, quen estará (outros mariscadores no caso das rutas por terra, ou a tripulación no caso de rutas en barco) e canto durará a ruta.

4.- RECOMENDACIÓNS NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO E PESCA-TURISMO.

4.1.- Recomendacións nas rutas a pé.

- É recomendable que a ruta comece nun centro interpretativo relacionado coa **temática da ruta**. Este centro debe ser accesible física e cognitivamente, é dicir, deberá contar con elementos audiovisuais con subtítulos, dispoñer de signo-guías, maquetas táctiles, documentos gráficos, etc.
- Escoller un percorrido sen barreiras arquitectónicas.
- Para os usuarios con discapacidade intelectual a ruta debe estar ben sinalizada con **símbolos e pictogramas recoñecidos universalmente que faciliten a súa comprensión**. O tamaño do contido das sinais debe configurarse en función da distancia á que vaia ser observada, e como mínimo debe ser lexible a 5 metros de distancia. Tamén é recomendable que se empreguen fondos de diferente cor atendendo ao tipo de información que se queira dar:
 - Vermello: perigo
 - Laranxa: seguridade e protección
 - Amarelo: precaución
 - Azul: información
 - Verde: zona segura

-

- A ruta debe discorrer por espazos amplos que faciliten a mobilidade das persoas con cadeira de rodas, muletas, andadores, etc.
- O pavimento das vías por onde se circule deben estar en boas condicións, sen resaltes nin afundimentos.
- Evitar as vías con moito desnivel tanto lonxitudinal (non deben superar o 8%) como transversal (nunca superior ao 2%).
- Evitar os chans esvaradíños tanto en seco como en mollado.
- Buscar ramplas que permitan un acceso fácil. No caso de que estas ramplas estean cubertas de algas deberán tomarse medidas para evitar os esvaróns, ou ben limpando as algas ou instalando algún sistema de suxeición como pasamáns, ou instalando pasarelas flotantes que eviten o crecemento de algas na súa superficie durante a preamar.
- Recomendase dispoñer de pasarelas de madeira nas praias para facilitar o tránsito polas zonas de area seca.
- Recomendase dispoñer de cadeiras de rodas e muletas anfibias para facilitar o acceso as zonas de marisqueo.
- Nas proximidades da ruta deben existir aseos adaptados tanto para persoas con discapacidade como para persoas ostomizadas (persoas que teñen unha apertura no abdome derivada dunha operación, a través da que fan as súas necesidades). Estes deben ser de fácil acceso e deben estar ben sinalizados.
- Deben facerse varios descansos ao longo da ruta polo que a ruta debe contar por zonas adecuadas como zonas de merenda, bancos, parques, miradoiros, etc.
- No caso de asistiren persoas con discapacidade auditiva, contar cun intérprete de lingua de signos para facilitar a comprensión das explicacións durante a ruta. Se non son usuarias da lingua de signos, procurar que se sitúen sempre preto do/a guía, para que poidan escoitar mellor as súas explicacións.

- É aconsellable **que as rutas sexan avaliadas previamente polas propias persoas con discapacidade** para comprobar a súa accesibilidade e así avanzar cara o desenvolvemento dun turismo inclusivo.

4.2.- Recomendacións nas rutas en barco

- As embarcacións deberán contar cun **sistema de embarque e desembarque axeitados** para as persoas con mobilidade reducida: pasarelas de acceso cunha anchura adecuada, con pasamáns e que estea ao mesmo nivel que a cuberta do barco ou ter unha grúa adaptada.
- **Debemos instalar agarradoiras e asentos** no espazo do barco habilitado para acoller aos visitantes así como **sistemas de fixación para as cadeiras de rodas e chan non esvaradío**.
- **Na medida do posible debemos ofrecer espazos amplos** dentro do barco que faciliten a mobilidade.
- **Para os visitantes con discapacidade intelectual os espazos do barco deben estar ben sinalizada con símbolos e pictogramas recoñecidos universalmente para facilitar a súa comprensión.** O tamaño do contido das sinais debe configurarse en función da distancia á que vaia ser observada, e como mínimo debe ser lexible a 5 metros de distancia. Tamén é recomendable que se empreguen fondos de diferente cor atendendo ao tipo de información que se queira dar:
 - Vermello: perigo
 - Laranxa: seguridade e protección
 - Amarelo: precaución
 - Azul: información
 - Verde: zona segura
- **Debemos situar lonxe de fontes de ruído** como os motores, e outras posibles distraccións, especialmente ás persoas con discapacidade visual e psíquica.

- Ofrecerémoslles a nosa axuda para guialas polo barco. As persoas cegas ou con deficiencia visual grave poden sentirse desacougadas en lugares que non coñecen. Nestes casos pode ser de gran utilidade ter unha maqueta do barco ou láminas en relevo (por exemplo láminas fúser) coa forma do barco para que co tacto poidan recoñezan os espazos nos que van estar e aqueles outros de acceso prohibido.
- As normas de seguridade e comportamento no barco deberán ser explicadas de xeito que as entenda todo o mundo. Deberán adaptarse en función do tipo de discapacidade, así por exemplo, para as persoas con discapacidade auditiva deberá terse en conta a incorporación de intérpretes de lingua de signos e a instalación de avisos luminosos en todas as dependencias da embarcación, para situacións de emerxencia. Para as persoas con discapacidade intelectual é aconsellable acompañar as nosas explicacións con pictogramas ou algún outro medio visual para facelas máis comprensibles, así como adaptar os textos a lectura fácil.
- É aconsellable que as rutas en barco sexan avaliadas previamente polas propias persoas con discapacidade para comprobar a súa accesibilidade e así avanzar cara o desenrolo dun turismo inclusivo.
- Previr dos mareos que pode causar a navegación e facilitar recomendacións para evitalos. Calquera navegante é susceptible de marearse independentemente do seu grao de experiencia, pero algunhas discapacidades poden agravar esta situación, polo que é moi recomendable previlos das consecuencias que pode ter a navegación. Debemos ofrecer recomendacións previas ao embarque para evitar os mareos, como por exemplo:
 - Non ler durante a navegación nin fixar a vista nun obxecto dentro do barco.
 - Mirar ao horizonte.
 - Non navegar co estómago baleiro.
 - É recomendable tomar un comprimido antimareo antes de embarcarse.

- **Movimentos do barco.**
 - É moi importante previlos dos distintos movementos do barco e explicarlles moi ben a que se deben, de xeito que o entendan claramente e non se asusten, especialmente ás persoas con discapacidade visual e psíquica.
 - Debemos avisarlles con antelación dos movementos bruscos do barco producidos polo mar, por exemplo cando se aproximan as ondas provocadas por outros barcos. Isto é especialmente ás persoas con discapacidade visual e psíquica.

5 - FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Este protocolo contén unhas nocións básicas sobre a atención ás persoas con discapacidade que deberan ser complementadas con cursos de formación específicos. Algunhas das asociacións e federacións de asociacións que traballan con persoas con discapacidade e que colaboraron na redacción deste protocolo, imparten cursos de formación relacionados coa atención a este colectivo:

- **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG):** imparten cursos de Lingua de Signos Española (LSE), elaboran vídeos en LSE e teñen un servizo de intérpretes de LSG e guías intérpretes para facilitar a comunicación entre as persoas xordas/xordocegas e os oíntes que o precisen. Tamén dan formación sobre as necesidades específicas das persoas con discapacidade auditiva.
- **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI):** realizan charlas, talleres de sensibilización e accións formativas sobre deseño universal e supresión de barreiras. Tamén prestan asesoramento en materia de accesibilidade.
- **Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, (FADEMGA):** imparten cursos para aprender a elaborar textos en lectura fácil e coñecer como é o proceso de validación destes textos. Tamén fan adaptacións de textos a lectura fácil.



Mar das Illas
www.mardasillas.com
info@mardasillas.com



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra

Teléfono: 886 21 30 15
Correo electrónico:
gac6@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo - A Guarda

Teléfono: 986 35 81 09
Correo electrónico:
gac7@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa

Teléfono: 986 51 09 53
Correo electrónico:
gac5@accioncosteira.es



Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)